

**El enigma Vermeer. Blue Balliet.** Sorprendente historia protagonizada por dous estudantes da Escola Laboratorio da Universidade de Chicago, unha institución para xoves especialmente brillantes. O texto, no que alternan códigos cifrados e mensaxes secretas, complementase coas ilustracións que aportan pistas para descubrir ó autor do misterioso roubo dun famoso cadro de Vermeer. Tamén da autora **El misterio de la casa Robie.**



**O portal dos elfos. Herbie Brennan.** Primeira e segunda parte dunha triloxía que narra unha increíble historia de aventuras e suspense. As vacacións de Henry empezan cun descubrimento sorprendente no xardín do señor Fogarty. Foi elixido no 2005 en Estados Unidos o mellor libro para adolescentes. A segunda parte **O emperador púrpura.**



**Viento del este, viento del oeste** Retrata unha familia distinguida, apegada a tradicións antiquísimas, amosando os conflitos que xorden entre pais e fillos cando as ideas occidentais penetran nos baluartes da cultura chinesa.

**La buena tierra** narra a historia dunha familia chinesa de labregos durante tres xeracións.



**Los senderos del tigre. Juan Madrid.** Novela de aventuras e de iniciación na que se relata – a través dun manuscrito atopado nun antigo baúl- a “Verdadeira relación da estadia entre os indios xántis de Perú (1905-1912) contada por Luis Santos Peregrino”. Narrada ó estilo dos clásicos relatos de aventuras, é unha novela emocionante para disfrutar coa sabedoría dos “salvaxes” e a aventura persoal dun protagonista que medra e faise home superando todo tipo de probas. Do mesmo autor **Cuartos oscuros.**



**Eragon e Eldest .Christopher Paolini.** Primeira e segunda parte da triloxía *O legado*. Eragon, o seu protagonista, e a femia de dragón trasládannos a un mundo lendario que se mestura co universo de Tolkien, e no que tampouco falta a sombra dos Xinetes, a cidade montaña dos ananos e o país dos elfos.

